



Edición xestionada
por [Xabier Paradelo](#)

RAIDA RODRÍGUEZ E FRANCISCO CASTRO GAÑAN OS PREMIOS ORGANIZADOS
POLA ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA DE CORNELLÀ DE LLOBREGAT

Fallados os certames literarios Rosalía de Castro e Rosa Reboredo de Cornellà

FORO

A sección onde
deixares [as túas
opinións](#),
comentarios ou
suxestións e
debater con outros
internautas.

HISTORIAS DA LIÑA
AZUL

Un [recanto literario
para participar](#). Non
perdas o convoi.

SUMARIO DE XERFA

Aquí podes
consultar todos os
artigos publicados
até o momento no
[Sumario](#)

ITINERARIO LITERARIO

Un [itinerario
literario](#) por
Barcelona a partir
de textos galegos
ligados á cidade.

A MAN

A [información
precisa](#) precisa
para ter á vista:
Entidades Galegas
en Cataluña.

ESTUDAR GALEGO

[Estudar galego en
Barcelona](#)

[29/11/2005 20:12] Os premiados do XIX Certame de poesía Rosalía de Castro foron *Historia dos efectos*, de Raida Rodríguez Mosquera de Barcelona, unha serie de poemas que falan do desamor; *Contaminación Acústica*, de Yolanda López López de Santiago de Compostela, e *Mar*, de Rafael Xoán Muñoz Castro de Girona. Informa **Fina Iglesias**.

Raida Rodríguez naceu en Ourense en 1980. Estuda filosofía na UB, [ten colaborado](#) en Vieiros Barcelona e xa publicou algúns dos seus textos nas Redes Escarlata. Podes ler un poema seu aquí: ["Os bosques líquidos"](#).

O premio Rosa Reboredo de narrativa foi para *Venres desesperado*, de Francisco Castro Veloso, de Vigo, e tivo unha mención especial do xurado *Cando o mudo falou* de Francisco Piñeiro González de Cervo.

O xurado estaba presidido por Carlos Sixirei Paredes, Subdirector Xeral de Comunidades Galegas da Xunta de Galicia e como vogais formaban parte Miguel A. Fernán-Vello, poeta e dramaturgo, Rocío García, do concello de Cornellà, Mª Xesús Lama, profesora de Filoloxía Galega na UB; Lito Caramés, profesor e escritor, J. Mª Equileta, profesor da UNED e arqueólogo municipal de Ourense, José Lamela, enxeñeiro industrial, e Miriam López Alvarado, responsable de cultura da A.C. Rosalía de Castro.

En palabras de Míriam López, cómpre destacar a alta calidade dos textos nesta edición dos certames, e o feito de que o primeiro premio do Rosalía vaia para unha residente en Barcelona. Isto vén confirmar que fóra de Galicia seguen xurdindo novos escritores en galego. No certame de narrativa o bon nivel das obras fixo que o xurado outorgase, ademais do premio, unha mención especial. O Rosa Reboredo é un premio novo coa particularidade de que se poden presentar narracións en calquera das linguas do estado. A primeira edición foi para un texto en catalán e nesta segunda os dous premiados están escritos en galego.

O certame de poesía Rosalía de Castro é un dos certames en lingua galega con máis prestixio fóra de Galiza no que, ademais, se abren paso as novas xeracións de poetas. Coincidindo con esta edición é noticia a recente publicación de *Argilosa* de Elvira Riveira, que acadou o premio Rosalía de Castro no 2003.

Fina Iglesias

COMENTARIOS:

Hai 5 comentarios para esta nova. [Le os comentarios e participa](#)

OUTRAS NOTICIAS

- [VII Concurso de Música e Baile Tradicional Galego en Catalunya](#)
- [Reinicianse as entregas do Itinerario 'Barcelona na literatura galega'](#)
- [Álvaro Cuqueiro: 'Rondeau en louvor d-unha dona catalana'](#)
- [O tradutor ao catalán de Teresa Moure: 'O texto non é sagrado: non hai nada que traizoar'](#)
- [Conferencia da escritora Teresa Moure: "Herba moura"](#)
- [A reportaxe "Mexillóns, domas e unha gaita" do Canal 33 xa se pode ver na rede](#)
- [Benaventurados os fillos de Don Quixote](#)
- ['Viaxes' de David Pintor en Sargadelos Barcelona](#)
- [Unha boa escolma da pintura figurativa](#)
- [Obriqadísimo, Quico&Narf](#)